



Concello do Carballiño

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2026.

Primeira. Obxecto

1. As presentes bases teñen como obxecto, tomando como marco legal a Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño que se rexe a súa vez pola Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro e Bases de execución de orzamento do Concello do Carballiño para 2026 a convocatoria a regulación do procedemento para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos realizados ou para realizar durante o exercicio de 2026, coa finalidade de contribuír ao mantemento dunha actividade deportiva ampla, orientada ao público en xeral e baseada principalmente nos conceptos de deporte – saúde e deporte para todos.

2. Para os efectos desta convocatoria, considéranse eventos deportivos os que reúnan os seguintes requisitos:

- actividades físico-deportivas de carácter extraordinario específico e puntual, que impliquen a práctica de disciplinas deportivas, ou actividades físicas semellantes, ben sexa con carácter competitivo ou con carácter non competitivo, tales como campionatos e torneos, carreiras, andainas ou rutas de sendeirismo e marchas ou rutas cicloturistas, ou calquera outro evento deportivo que teñan unha periodicidade anual ou superior que se desenvolvan no Concello do Carballiño.

3. Quedan **excluídas** expresamente desta convocatoria, as seguintes actividades:

- as competicións, ligas, actividades ou programacións que puideran ter encaixe dentro de calquera outra subvención do Concello do Carballiño (subvencións para os gastos de mantementos de clubs, actividades deportivas...)
- as actividades que polo seu carácter predominantemente gastronómico, turístico ou cultural, non poden clasificarse como actividades físico-deportivas, conforme coa definición recollida no apartado 2 destas bases.
- as actividades que excedan da duración propia dun evento deportivo puntual, tales como campus deportivos, campamentos de verán, ligas, ou outros que poidan ter a consideración de programas deportivos.
- as actividades de carácter formativo ou divulgativo.
- os eventos que teñan por obxectivo no seu desenvolvemento procurar o sufrimento e/ou morte de animais.
- os eventos que, polas súas especiais características, comporten a realización de actividades físicas que pola súa intensidade, extensión temporal, sometemento a risco grave de accidente ou calquera outra característica excedan da práctica deportiva normal e saudable.

Segunda. Beneficiarios

Serán beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases as entidades deportivas ou outras entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- entidades deportivas e outras entidades sen ánimo de lucro, que desenvolvan os eventos ou competicións no Concello do Carballiño,

Terceira. Crédito.

1. O importe total asignado no orzamento municipal que se destina a esta finalidade ascende a 25.000 euros con cargo á partida de orzamentos 341.11.480.00 transferencias correntes do 2026.

Cuarta. Período subvencionable

Eventos realizados dende o 10 de outubro de 2025 ata o 10 de outubro de 2026.

Quinta. Compatibilidade con outras subvencións

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da





Concello do Carballiño

Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas, sempre e cando o importe da subvención concedida non sexa en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrancia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Sexta. Obrigas dos beneficiarios

A entidade beneficiaria comprométese a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Xustificar ante o órgano que concede a subvención o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce de dita subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano que concede a subvención, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicar ao órgano que concede a subvención ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente. Se a contía da axuda é inferior a 3.000 € poderase acreditar coa presentación dunha declaración responsable. O concello comprobará de oficio que a asociación non ten débedas pendentes coa facenda local.
- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Manter coordinación permanente coa Área de Deportes do Concello do Carballiño.
- Na difusión das actividades, en calquera soporte, deberá deixarse constancia da existencia de financiamento do Concello do Carballiño; no caso de que as actividades se realizen con data anterior ás axudas deben telo igualmente en conta sempre e cando a entidade teña percibido a subvención nos últimos tres anos. A non xustificación da publicidade suporá unha minoración da subvención do 5% da axuda concedida.

Así mesmo a entidade responsabilízase de:

- Realizar o evento que presentan no proxecto
- Contar cos medios persoais e materiais adecuados para o cumprimento dos fins citados.
- Velar polo cumprimento dos dereitos e obrigas que as leis lles confiran ós beneficiarios do proxecto, debendo realizar unha evolución do proxecto e da actividade.

Sétima.- Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza do evento e se realicen no prazo establecido nas presentes bases. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Se os gastos subvencionados xustificadas correctamente son inferiores aos da documentación aportada minorarase a achega municipal..





Concello do Carballiño

Son gastos subvencionables:

Gastos derivados do propio evento deportivo:

- gastos da actividade federativa para o evento (licenzas federativas, arbitaxes, canons ou cotas de participación)
- alugamento de instalacións deportivas para o evento.
- material deportivo específico para a actividade.
- gastos relativos a cartelería, dípticos, trípticos e subministración de servizos efectuado por provedores.
- gastos de pólizas de responsabilidade civil (seguro das probas ou outro tipo de seguros),
- gastos sanitarios necesarios para o evento e durante os días do seu desenvolvemento como ambulancias ou profesionais sanitarios,
- gastos de manutención dos deportistas participantes, persoal técnico e membros da organización que se correspondan cos días e horas que dure a proba.
- outros gastos relacionados coa proba (trofeos, excluídos premios en metálico), etc...

En relación aos gastos financeiros, tributos e demais impostos, estarase ao disposto nos art. 31.7 e 31.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non serán subvencionables

- os gastos de comisións por transferencias bancarias, intereses recargas e sancións administrativas.
- os gastos de investimento tales como a adquisición, construción e reforma de bens inventariables (mobiliario, vehículos etc.). Agás que se trate de material estritamente relacionado co deporte para o que se pide a subvención.
- os gastos de degustacións gastronómicas de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering, ou ceas.
- os gastos de eventos realizados mediante plataforma dixital ou similar
- eventos que reciban calquera outro tipo de axuda económica por parte do Concello do Carballiño, mediante convenio de colaboración ou calquera outro tipo de axuda económica.
- os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
- gastos non vinculados á execución do proxecto.

Oitava. Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:

1. Só se admitirá unha solicitude por entidade beneficiaria, que se presentará conforme ao modelo oficial que figura no **anexo I** da convocatoria. A solicitude irá dirixida ó alcalde-presidente ou concelleiro delegado da Área de Deportes,

2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello do Carballiño <https://carballino.sedelectronica.gal> ou de calquera outro xeito dos establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das entidade interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

3. O prazo de solicitude será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do extracto da presente convocatoria no BOP trala comunicación efectuada para o efecto na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Considerarase último día do prazo o correspondente ao mes ordinal do día da publicación.

Se o último día do prazo fora inhábil, prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houbera día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

2. Ás solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:





Concello do Carballiño

a) Documentación administrativa:

- solicitude dirixida ó alcalde-presidente ou concelleiro delegado de deportes no modelo oficial, recollido no **(anexo I)** destas bases;
- copia do CIF/NIF da entidade,
- certificado de inscrición no rexistro de asociacións deportivas da Xunta de Galicia;
- fotocopia dos estatutos da entidade;
- fotocopia do DNI, en vigor, do representante da entidade;
- declaración responsable do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, **(anexo II)**;
- certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social. O Departamento de Deportes xestionará de oficio o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa administración local.
- declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo **(anexo III)**.
- certificación bancaria (do ano en vigor) no que figure o número de conta da entidade solicitante.

Os solicitantes estarán eximidos de presentar os estatutos sociais da entidade e o certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta cando este documento obre en poder do Concello do Carballiño, agás no caso en que se producisen modificacións no contido dos citados documentos ou nas circunstancias de feito ou de dereito que se reflicten neles, suposto no que se deberá presentar o novo documento que substitúa o anterior.

b) Documentación para a valoración das solicitudes:

Presentarase un proxecto descritivo do evento a realizar, que conterá, polo menos, a seguinte información:

- memoria descritiva do evento, na que deberán figurar como mínimo os seguintes apartados:
 - descrições dos eventos que se van realizar.
 - obxectivos que se pretenden acadar coa súa organización, cuantificados e valorados na medida do posible.
- datas de realización das actividades.
- resume do proxecto **(anexo IV)**.
- orzamento detallado de gastos e ingresos para o evento que se vai realizar **(anexo V)**.

Se é o caso, memoria-resume do desenvolvemento en exercicios anteriores do mesmo evento para o que se solicita subvención, achegando recortes de prensa, fotos, datos sobre o desenvolvemento desta e calquera información que sirva para constatar a evolución e incidencia social do programa ou actividade.

Advírtese expresamente que non serán obxecto de valoración aquelas solicitudes nas que non se acheguen, cando menos, a memoria descritiva co contido definido e o orzamento.

Toda a documentación deberá presentarse en formato pdf. Non se admitirán documentos en arquivo de imaxe (jpg ou similar). Unicamente se admiten en dito formato carteis ou aqueles documentos adicionais á documentación esixida que a entidade considere conveniente para completar a documentación.

Novena. Procedemento de concesión

1. O procedemento de concesión será o de concorrência competitiva.
2. A instrución do procedemento corresponderalle a os servizos administrativos da Concellería de Deportes.
3. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o órgano de instrución comprobará a corrección da documentación administrativa achegada. Examinada a documentación, e no caso de que teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade





Concello do Carballiño

beneficiaria, no prazo improrrogable de 10 días hábiles emende as deficiencias detectadas ou acompañe os documentos perceptivos, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no art. 68 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para a achega da documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo do **(anexo VI)** destas bases.

Dada a natureza competitiva do procedemento advírtese expresamente que en ningún caso se concederá prazo para a mellora da documentación valorable e puntuable, que só lle será de aplicación á documentación administrativa. A non acreditación dos criterios para outorgar os puntos establecidos no artigo 11 “criterios de valoración e contía da subvención” ou a omisión dalgún dos datos esixidos para o outorgamento da puntuación implicará a asignación de 0 puntos no respectivo criterio puntuable.

4. Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, procederá conforme ás seguintes regras:

- para os proxectos nos que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación necesaria, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.
- para o resto dos proxectos, proporase a súa admisión a trámite, pasando á Comisión de Valoración para que formule o informe/ditame de valoración das solicitudes conforme cos criterios de valoración recollidos na base novena.

Décima.-Comisión de valoración

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- o concelleiro delegado en materia de deportes
- un traballador do Concello do Carballiño.

Actuará como secretario/a da comisión un/unha traballador/a do Concello do Carballiño.

Undécima. Criterios de valoración

1. Para a concesión de subvencións e a fixación da súa contía, a comisión de valoración terá en conta os seguintes criterios:

- É obrigatorio cubrir todos os anexos oficiais da convocatoria, de xeito que, se algunha folla non viñera cuberta, non será valorada. Nos supostos en que os documentos presentados se atopen incompletos ou padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a aplicación dos correspondentes criterios de valoración, asignarase unha valoración de cero puntos nos criterios afectados. No suposto de que os documentos conteñan discrepancias ou incongruencias nos datos presentados, para a valoración tomaranse en consideración exclusivamente os datos de menor incidencia en aplicación dos criterios de valoración afectados.
- A Comisión de Valoración poderá, cando o considere oportuno, solicitar de oficio a información necesaria para verificar os documentos presentados polo solicitante para a valoración da súa solicitude.

Así mesmo, a Comisión de Valoración, establecera a necesidade de obter unha puntuación mínima de 20 puntos para a concesión da subvención.

Con independencia da súa valoración, en ningún caso se concederán subvencións por importe superior á contía pedida na solicitude.

2. As solicitudes admitidas a trámite avaliaranse segundo os seguintes criterios:





Concello do Carballiño

Máximo: 70 puntos

1.- Orzamento da actividade. Valorarase tanto o importe do orzamento da actividade como o esforzo económico que se reflicte no orzamento presentado, entendéndose como tal a maior porcentaxe de autofinanciamento ou financiamento con recursos privados maior orzamento: 10 puntos, resto proporcionalmente	ata 10 puntos
2.- Categoría competitiva do evento. Dando maior puntuación canto máis importante sexa a actividade: - local: 5 puntos - comarcal: 6 puntos - provincial: 7 puntos - autonómica: 8 puntos - nacional: 9 puntos - internacional: 10 puntos	ata 10 puntos
3.- Antigüidade do evento: - ata 2 edicións realizadas en anos anteriores: 1 punto - de 3 a 5 edicións realizadas en anos anteriores: 2 puntos - de 6 a 10 edicións realizadas en anos anteriores: 3 puntos - máis de 10 edicións: 5 puntos	ata 5 puntos
4.- Duración: número de días de duración do evento - ata 12 horas: 4 puntos - de 12 a 24 horas: 6 puntos - de 24 a 48 h: 8 puntos - de 48 a 72 h: 10 puntos	ata 10 puntos
5.- Volume de participación: neste apartado valorarase o número de participantes no evento, primando o maior volume de participación - ata 20 participantes: 5 puntos - de 21 a 50 participantes: 10 puntos - de 51 a 100 participantes: 15 puntos - de 101 a 200 participantes: 20 puntos - más de 200 participantes: 25 puntos Xustificación: mediante unha declaración responsable, asinada polo representante da entidade, do número de persoas participantes no evento	ata 25 puntos
6.- Muller, persoas con discapacidade e deporte base: a maior participación destes colectivos na actividade: - Muller. Valórase a inclusión, promoción ou participación activa de mulleres na actividade. Ata 2 puntos - Persoas con discapacidade. Valórase a accesibilidade, inclusión ou deseño específico para este colectivo. Ata 2 puntos - Deporte base. Valorase o fomento da práctica deportiva en idades temperás, iniciación ou formación deportiva. Ata 6 puntos	10 puntos

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario achar o valor do punto. O valor económico do punto resultará de dividir o total do crédito orzamentario asignado, entre a cifra resultante da suma total dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas. A subvención que corresponda a cada proxecto solicitado determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto tendo en conta que a contía máxima que poderá concederse será de 10.000 €. Os remanentes, de ser o caso, distribuiranse con idéntico criterio e só será admisible un único rateo.

12. Resolución

1. A proposta de resolución elaborada polo órgano instructor seralle comunicada aos interesados mediante notificación co fin de que poidan formular as alegacións que estimen oportunas no prazo de





Concello do Carballiño

10 días hábiles. Poderase prescindir deste trámite se non se teñen en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos solicitantes. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva (art. 24.4. da Lei xeral de subvencións).

2.Examinadas, se é o caso, as alegacións, a comisión de valoración emitirá un informe/ditame e, á vista deste, o órgano instrutor formulará proposta de resolución definitiva, onde deberán expresarse a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a contía.

3.O órgano competente, neste caso a Xunta de Goberno, á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento. A resolución, ademais do solicitante ou relación de solicitantes ós que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, e de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes. En todo caso expresarse o beneficiario e, o importe da subvención outorgada, o orzamento subvencionado e a finalidade ou investimento que constitúe o obxecto concreto da subvención outorgada e demais referencias relevantes. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a propia Xunta de Goberno no prazo dun mes ou directamente ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses dende a notificación desta.

4.O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses nos termos establecidos nos artigos 25 e 26 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e nos artigos 62 e 63 do seu regulamento .

O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución, lexitima ós interesados para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo

5.Unha vez notificada a resolución, os beneficiarios comunicarán ao concello a aceptación por escrito da subvención concedida no prazo máximo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión. Transcorrido este prazo sen comunicarse esta aceptación ou sen producirse manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada (**anexo VII**).

13. Xustificación e pagamento da subvención.

1. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención, documentarase a través dunha conta xustificativa (**anexo VIII**), integrada polos seguintes documentos segundo a base 31 das Bases de execución para 2026:

- memoria explicativa o máis detallada posible das actividades realizadas e resultados obtidos.
- acreditación das medidas de difusión adoptadas (mediante presentación de copia de impresión, fotos, folletos, cartelería, notas prensa, publicacións en redes sociais etc.) que se editasen en relación coa actividade.
- **conta xustificativa**, relación clasificada e detallada dos gastos relativos á totalidade da actividade subvencionada, con identificación do acredor/a (nome completo), NIF ou CIF, núm. do documento xustificativo (na súa totalidade), data de emisión, importe, concepto (o máis detallado posible), e data de pagamento. Deberán estar ordenadas e numeradas seguindo a orde de clasificación do (**anexo VIII**)
- relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade. No caso de existir desviacións acaecidas verbo do orzamento que se presentou na solicitude, o beneficiario deberá facelo constar na xustificación e motivalo.
- facturas xustificativas dos gastos que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención e estarán datadas no período da subvención. Sobre a factura orixinaria efectuarase un estampillado indicando nesta a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención. Neste último caso indicarse ademais a contía exacta que resulte afectada pola subvención.

O pagamento a terceiros poderase acreditar mediante un documento expedido pola entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc.), e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico en cuxo gasto no documento deberán constar o selo de pago, selo do





Concello do Carballiño

provedor debidamente asinado, con nome, apelidos e DNI da persoa que recibiu o pagamento. En ningún caso os pagos en metálico poderán superar os 300 € por provedor e os 1.000 € en computo global da subvención outorgada. Estas facturas irán con selo do establecemento e debidamente xustificado o pago.

En todos os xustificantes de pago presentados deberá quedar acreditado que dito pago foi realizado pola Entidade subvencionada. No caso de presentar xustificante de pago mediante tarxeta bancaria será necesario presentar un certificado da Entidade Bancaria conforme o titular da tarxeta é a entidade beneficiaria.

- relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin indicando o importe e procedencias ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo fin (**anexo VIII**).
- certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Agencia Tributaria Estatal, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social. No caso de que as axudas non superen os 3.000 euros poden presentar declaración responsable de estar ao corrente coa facenda estatal, autonómica e coa seguridade social (**anexo II**)
- certificación bancaria (do ano en vigor) no que figure o número de conta da entidade solicitante.

O Departamento de Deportes xestionará de oficio o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa administración local.

2. O órgano competente para a comprobación da xustificación da subvención será o órgano instructor, e materializarase na emisión dun informe técnico que acredite a adecuación da xustificación, así como a realización da/das actividade/s e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención. Este informe achegarase á conta xustificativa.

3. Os beneficiarios das subvencións presentarán inescusablemente, no rexistro xeral do concello, as xustificacións ata o 15 de outubro de 2026. En ningún caso poderá efectuar o pagamento das subvencións sen que se teña presentada e aprobada a xustificación correspondente ao orzamento total do proxecto de actividades.

4. No caso de que a entidade beneficiaria non dispoña de recursos económicos suficientes para realizar os pagos necesarios antes do vencemento do prazo de xustificación, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa, sempre que se presente a declaración xurada para tal efecto. Non obstante, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención municipal poderá realizar procedementos de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario.

5. No suposto en que só se xustifique a execucións parcial do orzamento total do proxecto, a subvención reducirase proporcionalmente.

6. Se a suma da subvención municipal máis os ingresos por outros conceptos (subvencións, axudas tanto públicas como privadas) supere o 100% do custo da actividade a subvención será reducida ata chegar ao 100% do custo.

7. Poderanse presentar xustificacións parciais que darán lugar ó libramento parcial polo importe debidamente xustificado do proxecto.

8. De haber deficiencias emendables na conta xustificativa, concederase un prazo de 10 días hábiles para a súa emenda conforme ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

9. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante acordo da Xunta de goberno Local, declararase xustificada a subvención.

14. Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións ateranse ao disposto no Capítulo IX da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello do Carballiño (BOP nº 49, de 2 de marzo de 2005).





Concello do Carballiño

15. Disposición adicional

No caso de existiren discrepancias, erros ou ambigüidades entre as versións nas distintas linguas deste documento, prevalecerá, en todo caso, a versión redactada en lingua galega.

16. Disposicións finais

Primeira.- En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia de procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público.

Segunda.- A presente convocatoria publicarase no BOP para os efectos de cumprimento do requisito de publicidade.

17. Publicidade das subvencións concedidas.

A concesión das subvencións será publicada na Base de Datos Nacional de Subvenciones, como sistema nacional de publicidade das subvencións. Asemade o órgano administrativo concedente publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello do Carballiño as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiarias, cantidade concedida e finalidade da subvención .

ANEXO I





Concello do Carballiño

SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DO CONCELLO DO CARBALLIÑO DURANTE O ANO 2026

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
ENTIDADE:		CIF:	
ENDEREZO:	C.P.:	PROVINCIA:	
TELÉFONO/S:	E-MAIL:		
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN LEGAL (deberá acreditarse a súa representación)			
NOME:	APELIDOS:	TELÉF. MÓBIL:	
		TEL. FIXO:	
Cubrir só se este enderezo postal é o elixido para notificacións			
ENDEREZO:	C.P.:	PROVINCIA:	

EXPOÑO:

1. Que esta entidade, á que represento, cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións para a organización de eventos deportivos durante o ano 2026.
2. Que asume todos os compromisos que se expoñen na devandita convocatoria e acompaña a documentación esixida na mesma.

Por isto, SOLICITO SUBVENCIÓN PARA O SEGUINTE PROXECTO:

NOME DO EVENTO	
ORZAMENTO DO EVENTO	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- ☐ Copia do CIF da entidade, se é o caso.
- ☐ Certificado de inscrición no rexistro de asociacións, se é o caso
- ☐ Estatutos sociais da entidade, se é o caso
- ☐ Fotocopia DNI do representante da entidade
- ☐ Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social ou declaración responsable do cumprimento de obrigas tributarias e á Seguridade social (se a contía da axuda supera os 3.000 € (anexo II)
- ☐ Anexo III (declaración doutras axudas concedidas ou solicitadas para as mesmas actividades)
- ☐ Memoria descritiva das actividades: descrición do evento, obxectivos, datas de realización
- ☐ Anexo IV (resumo-proxecto)
- ☐ Anexo V (orzamento individualizado e detallado de ingresos e gastos)

ANEXO I





Concello do Carballiño

(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Concello do Carballiño. Concellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actuación da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.carballino.gal/proteccion-de-datos . Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica do Concello do Carballiño ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.carballino.sedelectronica.gal/privacv

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativa ao Regulamento xeral de protección de datos.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

O Carballiño, _____ de _____ de 2026

EXCMO. CONCELLO DO CARBALLIÑO

ANEXO II

Concello do Carballiño

Praza Maior, 1, O Carballiño. 32500 (Ourense). Tfno. 988530007. Fax: 988530008





Concello do Carballiño

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E FRONTE A Á SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER PENDENTE DE PAGAMENTO NINGUNHA OUTRA DÉBEDA COA ADMINISTRACIÓN LOCAL DO CONCELLO DO CARBALLIÑO

DON/DONA	DNI
En representación da entidade:	CIF

DECLARO:

- ☐ Non atoparme incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2 d) da lei xeral de subvencións.
- ☐ Que a entidade á que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións do Concello do Carballiño ás que se refire o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.
- ☐ Que a entidade á que represento se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa administración local do Concello do Carballiño.

E para que conste, para os efectos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións, asino esta declaración.

O Carballiño, _____ de _____ de 2026

ANEXO III

Concello do Carballiño

Praza Maior, 1, O Carballiño. 32500 (Ourense). Tfno. 988530007. Fax: 988530008





Concello do Carballiño

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS CONCEDIDAS OU SOLICITADAS

DON/DONA	DNI
En representación da entidade:	CIF

DECLARO:

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☐ Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para o mesmo evento para o que se solicita esta subvención, sexa pública ou privada.

☐ Si se solicitou e/ou ten concedidas outras axudas para o mesmo evento para o que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO OU ENTIDADE AO QUE SOLICITA	DATA DE SOLICITUDE	CONCESIÓN (1)	IMPORTE
(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada			

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

O Carballiño, _____ de _____ de 2026

ANEXO IV

Concello do Carballiño

Praza Maior, 1, O Carballiño. 32500 (Ourense). Tfno. 988530007. Fax: 988530008

Cod. Validación: A25LXRFHTDPSONALKH6T536
Corrección: <https://carballino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 19





Concello do Carballiño

ANEXO IV (resumo do proxecto)

NOME DO CLUB		
a) ORZAMENTO DA ACTIVIDADE		
b) CATEGORÍA COMPETITIVA DO EVENTO		
Local ☐	Autonómica ☐	
Comarcal ☐	Nacional ☐	
Provincial ☐	Internacional ☐	
c) ANTIGÜIDADE DO EVENTO:		
d) NÚMERO DE DÍAS/HORAS DE DURACIÓN		
e) NÚMERO DE PARTICIPANTES:		
f) MULLER, PERSOAS CON DISCAPACIDADE E DEPORTE DE BASE		

Sinatura da persoa representante

O Carballiño, _____ de _____ de 2026





Concello do Carballiño

ANEXO V

RELACIÓN DE GASTOS E INGRESOS

NOME DO EVENTO			
GASTOS (concepto)	IMPORTE	INGRESOS (procedencia)	IMPORTE
TOTAL		TOTAL	

Sinatura da persoa representante

O Carballiño, _____ de _____ de 2026

ANEXO VI

Concello do Carballiño

Praza Maior, 1, O Carballiño. 32500 (Ourense). Tfno. 988530007. Fax: 988530008





Concello do Carballiño

Don/Dona _____
con DNI _____, en representación da entidade _____
con CIF _____, achégolle a documentación solicitada para unir
ao expediente de solicitude de subvención para eventos deportivos para a tempada 2025/2026.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

O Carballiño, _____ de _____ de 2026

EXCMO. CONCELLO DO CARBALLIÑO

ANEXO VII

Concello do Carballiño

Praza Maior, 1, O Carballiño. 32500 (Ourense). Tfno. 988530007. Fax: 988530008





Concello do Carballiño

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DA AXUDA

DON/DONA _____,

con DNI _____, en representación da entidade _____

con CIF _____.

DECLARO

☐ Que lle foi notificado acerca da resolución de concesión en réxime de concorrència competitiva de subvencións a asociacións deportivas do Concello do Carballiño, destinadas á realización de actividades deportivas, base 10ª.1, para a execución das actividades correspondentes ao evento denominado _____.

☐ Que se dá por notificado, e decatado nos termos establecidos na Resolución de data _____, así como no establecido nas bases e convocatoria que regulan ditas axudas e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

MANIFESTO

☐ Que **acepto a axuda** nos termos e condicións sinalados na resolución e se compromete a cumprir todas as obrigas esixidas ás persoas beneficiarias nas bases reguladoras e convocatoria e nas demais normas de aplicación.

☐ Que **rexeito a axuda**.

Sinatura da persoa representante

O Carballiño, _____ de _____ de 2026





Concello do Carballiño

ANEXO VIII

CONTA XUSTIFICATIVA

DATOS DO SOLICITANTE			
Nome/apelidos:		DNI:	
En representación da entidade:		CIF:	
Enderezo:	C.P.:	Localidade:	
Teléfono:	e-mail:		

DECLARO

1. Que para o evento _____ lle foi concedida unha axuda de _____ euros e se realizaron os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

	Provedor/ empresa	Concepto	CIF	Número de factura	Data de emisión	Data pagamento	Forma de pagamento (efectivo/ transferencia bancaria)	Importe
1								
2								
3								
4								
5								
6								

TOTAL	
-------	--

2. Achéganse as facturas orixinais e/ou outros documentos contables acreditativos dos gastos e documentos expedidos polas entidades financeiras no que queda identificado o beneficiario, importe, data de emisión e forma de pagamento.
3. Que os gastos das facturas que se presentan como xustificantes son reais e foron aplicadas á finalidade subvencionada.





Concello do Carballiño

4. Que a esta asociación/entidade ☐ SI / ☐ NON se lle concederon outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

Relación de axudas concedidas

Organismo ou entidade ao que solicita	Data de solicitude	Concesión (1)	Importe

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase pendente na columna. No caso de solicitudes denegadas, farase constar denegada

5. Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións para o evento non supera o importe total dos gastos devengados.

6. Que as achegas de fondos propios da entidade organizadora é de _____ euros

7. Que o custo total das actividades ascende a _____ euros.

8. Que a entidade ten ingresos para o desenvolvemento da actividade por un importe de _____ euros.

9. Que se fixo a debida divulgación do financiamento do concello nas actividades subvencionadas.

Sinatura da persoa representante

O Carballiño, _____ de _____ de 2026

Naqueles casos nos que o cadro da conta xustificativa non sexa suficiente para confeccionar a mesma, deberase cubrir outro documento anexo.

